

A lírica amorosa medieval

1. Elabora unha cantiga de amigo seguindo estas pautas:

- Elixer se é monologada ou dialogada
- Elixer o campo sémico predominante
- Lembra que a marca de xénero debe aparecer na primeira cobra
- Decide o tipo de métrica e rima que vai ter
- Debe ter catro cobras e refrán
- Inclúe mecanismo de repetición: paralelismo e leixaprén

2. Le a seguinte cantiga e responde as cuestións:

*– Ai flores, ai flores do verde pino,
se sabedes novas do meu amigo?
Ai Deus, e u é?*¹

*Ai flores, ai flores do verde ramo,
se sabedes novas do meu amado?
Ai Deus, e u é?*

*Se sabedes novas do meu amigo,
aquel que mentiu do que pôs con migo?
Ai Deus, e u é?*

*Se sabedes novas do meu amado,
aquel que mentiu do que mi há jurado?*²
Ai Deus, e u é?

*– Vós me preguntades polo voss'amigo,
e eu ben vos digo que é san'e vivo.
– Ai Deus, e u é?*

*– Vós me preguntades polo voss'amado,
e eu ben vos digo que é viv'e sano.
– Ai Deus, e u é?*

*– E eu ben vos digo que é san'e vivo,
e será vosc'ant'o prazo saído.*³
– Ai Deus, e u é?

*– E eu ben vos digo que é viv'e sano,
e será vosc'ant'o prazo pasado.
– Ai Deus, e u é?*

Don Dinís

1 *E u é?*: E onde está.

2 *Do que mi ha jurado*: no que me xurou / prometeu.

3 *E será vosc'ant'o prazo saído*: estará convosco antes de que remate o prazo

- Indica os trazos que a caracterizan como unha cantiga de amigo.
- Sintetiza nunha oración o contido de cada cobra.
- Identifica con expemplos os campos sémicos e os símbolos que aparecen no texto.
- Sinala os mecanismos de repetición.
- Indica as características formais da cantiga: monologada/dialogada; de mestría/de refrán, métrica e rima.

3. Le a seguinte cantiga e responde as cuestións

*Quer'eu en maneira de proençal
fazer agora un cantar d'amor,
e querei muit'i loar mia senhor,
a que prez nen fremusura non fal
nen bondade; e máis vos direi én:
tanto a fez Deus comprida de ben
que máis que todas-las do mundo val,*

*ca mia senhor quisso Deus fazer tal,
quando a fez, que a fez sabedor
de todo ben e de mui gran valor,
e con tod'est[o] é mui comunal
ali u dev', e er deu-lhi bon sén
e, des i, non lhi fez pouco de ben
quando non quis que lh'outra foss'igual,*

*ca en mia senhor nunca Deus pôs mal,
mais pôs i prez e beldad'e loor
e falar mui ben e riir melhor
que outra molher; des i, é leal
muit', e por esto non sei oj'eu quen
possa compridamente no seu ben
falar, ca non ná, tra-lo seu ben, al.*

Don Dinís

- Indica a que xénero pertence e os campos sémicos con exemplos.
- Indica o contido de cada cobra.
- Elabora o comentario formal: tipo de cantiga, de cobras, esquema métrico e rima.
- Busca información de Don Dinis e a súa importancia na lírica medieval galego-portuguesa.